



XUNTA DE GALICIA



A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, da Consellería de Traballo e Benestar, pon a disposición da mocidade galega os cadernos informativos Abracaxove. Neles recóllense, dunha maneira sinxela e condensada, as moitas medidas que a Xunta de Galicia e outras administracións e entidades galegas están a executar a prol da mocidade. Trátase de informarvos sobre unha serie de accións e recursos en distintos ámbitos, como a educación, o emprego, a vivenda, a creatividade, o lecer, a mobilidade..., de xeito que saibades os medios que existen, quen os xestiona e onde vos podeades dirixir en cada momento.

- 1 Non enredas
- 2 Educaxove
- 3 Emprégate
- 4 Mocidade Creativa
- 5 Vivenda Xove
- 6 Ti escolles
- 7 Xuventudésaúde
- 8 O teu tempo, o noso tempo
- 9 Xuventude en movemento
- 10 En clave de...

En Xuventude en movemento atoparedes información sobre programas destinados á mocidade que promocionan e apoian a mobilidade xuvenil a través de diversos tipos de axudas, bolsas, encontros, participación en proxectos europeos e diversos tipos de carnés que facilitan os teus desprazamentos.



## Programa galego de mobilidade "A xuventude no mundo"




Durante o ano 2011 ten lugar a terceira edición do programa galego

de mobilidade A xuventude no Mundo que se desenvolve en doce países diferentes de Europa, América e Asia.

O programa vai destinado a mozos e mozas galegos que teñan entre 18 e 30 anos e permite ás persoas participantes coñecer, ao longo dunha semana, o país elixido e os seus medios de vida, costumes e historia, incluíndo a participación activa en actividades coa xuventude dos países visitados. Beneficianse deste programa arredor de 200 persoas anualmente.

<http://xuventude.xunta.es/programas-eu.html>

## Mozos e mozas en intercambio



Intercambios que facilitan aos rapaces e rapazas de 12 a 17 anos, o coñecemento das comunidades autónomas, anfitrías e a convivencia de grupos de persoas de diversos lugares de España.

Están a beneficiarse destes intercambios unhas 900 persoas anualmente entre xuventude galega e doutras comunidades.

## Bolsas Leonardo da Vinci 2010: mobilidade galega (MOGAL)



Convocatoria de bolsas que combinan a realización de prácticas, durante 10 semanas, en empresas estranxeiras de Italia, Francia, Holanda e Irlanda en diferentes

sectores (moble e madeira, deseño, turismo, mecánica, restauración, imaxe e son, informática, electricidade e servizos socioculturais e á comunidade) con dúas semanas de preparación lingüística do idioma do país de destino. Estas bolsas forman anualmente a preto de 200 estudantes.

<http://xuventude.xunta.es/ensino-e-bolsas.html>

## Xuventude en acción



Programa comunitario que promove experiencias de educación non formal, a través de 5 tipos de accións abertas á mocidade de 13 a 30 anos e a traballadores/as no ámbito da xuventude, mediante o financiamento de proxectos de intercambios, iniciativas, voluntariado europeo, encontros e proxectos en rede, entre outros. Busca promover unha cidadanía activa, rexeitando a discriminación en todas as súas formas e procurando a participación das persoas con menos oportunidades. Conta aproximadamente con 1000 participantes anuais.

<http://xuventude.xunta.es/xuventude-en-accion.html>

## Imaxina Atlántica - Espazo Atlántico



Ofrécelles aos/ás novos/as creadores/as a oportunidade de realizar prácticas con realizadores de prestixio e difundir as súas producións, priorizando os recursos existentes e dando lugar a creación e promoción de emprego xuvenil neste ámbito. Participan unha media de 10 persoas ao ano neste programa, no que colaboraron as administracións rexionais e locais de Francia, Reino Unido e Portugal.

<http://xuventude.xunta.es/imagina-atlantica.html>

## Encontro Galego de Mobilidade Xuvenil Europea



MOBILIDADE  
XUVENIL

Encontro que reúne mozos e mozas participantes en programas de mobilidade (Xuventude en acción, Leonardo da Vinci, A xuventude no mundo), canalizados a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, proporcionando un

foro de intercambio de experiencias. Na edición do pasado ano contouse coa participación de máis de 200 persoas.

<http://xuventude.xunta.es>

## A mocidade emprendedora da Eurorrexión (Emprende)



ESPAZO XUVENIL  
GALIZA-PORTUGAL

O programa Emprende ten como obxectivo principal apoiar a mocidade emprendedora de Galicia e do Norte de Portugal. Para conseguirlo, a iniciativa dispón dun

conxunto de mecanismos destinados ao asesoramento aos/ás emprendedores/as na posta en marcha dos seus proxectos, co fin de dinamizar a economía e emprego neste territorio.

<http://xuventude.xunta.es/programas-eu.html>

## Un espazo na nova axenda de Lisboa (Espazo xuvenil)



ESPAZO XUVENIL  
GALICIA-PORTUGAL

Proxecto para o desenvolvemento de accións socioculturais, económicas e de emprego conxuntas entre Galicia e Portugal. O obxectivo deste

proxecto é facer da rexión fronteiriza Galicia-Norte de Portugal un lugar atractivo para quedar a vivir, creando as condicións propicias nas que a mocidade poida desenvolver a actividade económica, a través das iniciativas da mocidade emprendedora e creación de emprego, potenciando tamén a creación de empresas galaico-portuguesas. Anualmente beneficiáanse máis de 3000 persoas deste proxecto.

<http://xuventude.xunta.es/programas-eu.html>

## Eurocidade Chaves-Verín



EURÓCIDADE  
: chaves - verín

Posta en común dos recursos, a través do plan e xestión conxunta de servizos e equipamentos dos municipios fronteirizos de Verín, na Comunidade Autónoma de Galicia, e de Chaves, na Rexión Norte de Portugal. As

intervencións, próximas á cidadanía, pretenden promover a converxencia institucional, económica, social, cultural e ambiental entre dúas cidades que pasan a utilizar o efecto fronteira como unha oportunidade de desenvolvemento territorial e socioeconómico. Participan anualmente arredor de 200 persoas. <http://www.eurocidadechavesverin.eu/>





## Actividades de inmersión lingüística



Programa de axudas dirixidas ao fomento do coñecemento de idiomas por parte do alumnado galego, posibilitando estadias dos escolares noutros países, co fin de crearlles a necesidade de empregar idiomas para comunicarse e mellorar así as súas competencias plurilingües. 3077 mozos e mozas participaron durante o 2010

[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

## Axudas para estadias en países da UE para coñecer a súa lingua



Liña de axudas que posibilita a 100 estudantes universitarios/as realizar estadias en período estival nalgún estado membro da Unión Europea para coñecer a lingua do país, promovendo, asemade, a mobilidade xuvenil.

[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

## Foro Xuvenil de Galeguidade



Xornadas de confraternidade nas que participan unha media de 75 mozos e mozas galegos/as con mozos e mozas descendentes de emigrantes, contribuíndo a fortalecer os lazos de unión entre a mocidade residente en Galicia e os/as descendentes de emigrantes e residentes no exterior, compartindo experiencias e favorecendo o enriquecemento mutuo

<http://xuventude.xunta.es>

## Albergues



Os albergues galegos levan atendendo a unha media de 31.000 persoas españolas e estranxeiras que solicitaron aloxamento ou realización dalgún tipo de actividade de lecer e tempo libre na rede de albergues cos que conta Galicia.

<http://xuventude.xunta.es/albergues-e-residencias.html>



## Plan de Transporte Metropolitano



Bonos destinados a distintos colectivos, entre os que se atopa o estudiantado matriculado en centros recoñecidos oficialmente, para facilitar os seus desprazamentos na comarca na que residen. Beneficianse máis de 20.000 persoas deste plan.

<http://www.transportemetropolitano.xunta.es/tarxeta>

## Coñecemento da UE



Dende a Fundación Galicia Europa realizan unha serie de actividades co fin de lle achegar o coñecemento da UE a mocidade galega.

Son 1400 mozos e mozas os que participan na campaña “Sabe o que a Europa Social pode facer por vostede?”, no concurso fotográfico e mostra “Loita contra a pobreza e a exclusión social en Galicia”, na exposición “Galicia Innovadora e Creativa” ou na conmemoración do Día de Europa, a través da montaxe dun crebacabezas xigante da UE e lectura pública da Carta de Dereitos Fundamentais da UE.

<http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu/>



## Cursos de idiomas no estranxeiro



Programa xestionado pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado que lle facilita á xuventude galega viaxar a diferentes lugares do mundo para mellorar a aprendizaxe ou o perfeccionamento de linguas estranxeiras, favorecendo, asemade, a convivencia intercultural. Ofértanse cursos de inglés, francés, alemán, italiano, portugués, ruso ou chinés en máis de 100 escolas de diferentes países.

<http://xuventude.xunta.es>

# CARNÉS

## Carné xove europeo



Carné de ámbito europeo que lle facilita á xuventude galega de 12 a 30 anos o acceso a diferentes servizos

e actividades, a través das vantaxes e descontos ofertados polas entidades colaboradoras adheridas, tanto en Galicia como no resto das comunidades autónomas e nos 40 países europeos participantes no programa do carné xove europeo.

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado aplícalles tamén descontos, en todos os seus programas, ás persoas titulares do Carné Xove.

Están a emitirse unha media de 26.000 carnés anualmente.

<http://xuventude.xunta.es/carne-xove.html>

## Carnés student (ISIC)



É o pasaporte perfecto para obter servizos e descontos en todo o mundo.

O ISIC é o único carné de estudante reconecido internacionalmente

e os/as seus/súas posuidores/as son membros dun clube global

O carné ISIC permite aforrar cartos nas viaxes ao redor de todo o mundo. Hai miles de ofertas e descontos para estudantes en restaurantes, cines, tendas e locais das cidades de Europa e América do Norte. Están a emitirse arredor de 2700 destes carnés por ano.

<http://xuventude.xunta.es/carne-de-estudiante-internacional.html>

## Carnés alberguista



O carné de alberguista, reconecido internacionalmente, facilita, mediante aplicación de descontos, o acceso aos albergues da Rede Española de Albergues

Xuvenís e da Federación Internacional de Albergues Xuvenís. Calquera persoa pode optar a facerse un: os/as menores de 30 dentro da categoría xove, e os/as maiores na categoría de adulto. Para a expedición destes carnés só é necesario a presentación do DNI ou pasaporte e o abono do seu importe. Os carnés expéndense en puntos de información xuvenil e en albergues. Emitíntense unha media de 2300 carnés cada ano.

<http://xuventude.xunta.es/carne-de-alberguista.html>



### Carné de profesor internacional



O Carné Internacional de Profesor (International Teacher Identity Card), dirixido a docentes do ensino primario, secundario, universitario, de escolas de idiomas..., permíttelles optar a múltiples servizos con descontos e ofertas, tanto no propio país coma fóra del. Emitense anualmente 550 destes carnés.

<http://xuventude.xunta.es/carne-de-profesor-internacional.html>

### Carné internacional para non estudantes (IYTC)



O IYTC é para persoas maiores de 12 anos e menores de 26 que non sexan estudantes. Este carné xa ten máis de catro millóns e medio de usuarios/as e permite aproveitarse de miles de beneficios: servizos, descontos e ofertas, no propio país e fóra del. Emitense anualmente uns 60 destes carnés.

<http://xuventude.xunta.es/carne-internacional.html>



galicia



XUNTA  
DE GALICIA